

PROYECCIÓN DO DOCUMENTAL IDÉNTICAS O MÉRCORES DÍA 13 ÁS 13:00 HORAS NO SALÓN DE ACTOS DO HOSPITAL CLÍNICO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO

- *É o documental sobre heteroplasia ósea progresiva que lle afecta ás nenas Cayetana e Celia e que foi galardoado nos premio Mestre Mateo*
- *Será a primeira proxección tras recibir o premio*

Santiago, 11 de marzo 2019.- O mércores día 13 ás 13.00 horas proxectarase o documental “*Idénticas*”, a cinta sobre a heteroplasia ósea progresiva que lle afecta a dúas nenas, Cayetana e Celia, e que recibiu recentemente o premio “Mestre Mateo” ao mellor documental do ano 2018.

O pase terá lugar no salón de actos do Hospital Clínico Universitario de Santiago, e será a primeira proxección despois deste galardón. A duración é de 65 minutos, e haberá un debate tras a emisión.